



XUNTA
DE GALICIA



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN EOI E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN E TITORIZACIÓN NO MARCO DE
ESPAZOS DE COWORKING**

En Santiago de Compostela, a 11 de marzo de 2016



XUNTA
DE GALICIA



"El FSE invierte en tu futuro"



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN EOI E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE FORMACIÓN E TITORIZACIÓN NO MARCO DE ESPAZOS DE COWORKING

En Santiago de Compostela, a 11 de marzo de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Don, Director Xeral da Fundación EOI, actuando, en virtude dos poderes conferidos polo Padroado, en nome e representación da Fundación EOI (en diante EOI), con CIF G-81718249 e domicilio social en avenida Gregorio del Amo 6, 28040 Madrid.

Doutra parte, Don Javier Aguilera Navarro, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, IGAPE), con CIF Q6550010J, e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña). Está facultado para este acto segundo o acordo de delegación de facultades de data do 29 de marzo de 2012 (DOG núm. 78, do 24 de abril de 2012), efectuado polo Consello de Dirección do Igape e por acordo do Consello de Dirección do 16 de decembro de 2015.

Os asinantes, na representación que exercen, declaran ter a capacidade legal necesaria para formalizar este documento e, para o efecto,

EXPOÑEN

I. EOI é unha fundación do sector público estatal dedicada a formar profesionais, producir e difundir coñecemento e ofrecer servizos de valor a empresas, emprendedores e administracións, nos valores dunha economía aberta, social, verde e dixital.

EOI foi incluída como Beneficiaria e Organismo Intermedio dentro do Programa Operativo CCI 2014ES05SFOP002 de Emprego, Formación e Educación (POEFE), no marco do obxectivo de investimento en crecemento e emprego destinada a todas as rexións de España, aprobado por decisión da Comisión Europea do 17 de decembro de 2015.

Como Beneficiario do Programa Operativo, EOI executaría dentro deste accións de formación orientada á creación de empresas en sectores con potencial de crecemento e xeración de emprego e titorización dos proxectos empresariais.

II. O Igape é unha entidade pública, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego que ten entre as súas funcións, desenvolver unha actividade xeral de promoción dos valores empresariais do seu ámbito, encamiñada a incentivar o nacemento e desenvolvemento de novos proxectos empresariais.

O Igape está interesado en fomentar a cultura emprendedora e o desenvolvemento de novos proxectos empresariais, a través da formación e titorización das persoas que os desenvolvan.

III. Ambas as dúas partes consideran necesario avanzar no desenvolvemento de medidas de apoio e impulso que contribúan a promover o traballo por conta propia, o espírito emprendedor e a creación de empresas.



XUNTA
DE GALICIA



"El FSE invierte en tu futuro"



IV. Tendo en conta a coincidencia de obxectivos das dúas entidades, no marco dos seus fins e competencias, consideran de interese establecer unha colaboración para o desenvolvemento conxunto de accións no marco do futuro Programa Operativo referenciado no expositivo I.

Por canto antecede, as partes asinantes consideran de interese subscribir un Convenio que regule os termos da colaboración entre ambas as dúas para o desenvolvemento da actividade proxectada, que formalizan mediante este documento, en cuxa virtude,

ACORDAN

1. OBXECTO

O obxecto deste Convenio é desenvolver os termos da colaboración entre EOI e o IGAPE para a realización de accións de formación e titorización no marco de espazos de Coworking. Esta actuación baséase na creación dun espazo conxunto destinado ao establecemento de emprendedores, previamente seleccionados, que achegarán proxectos temperáns de previsible valor para a sociedade. En concreto seguirase a metodoloxía Lean Startup que persegue acelerar o proceso para identificar a viabilidade dos proxectos dos emprendedores.

O obxectivo principal da actuación de Coworking é fomentar o emprendemento e aumentar a probabilidade de éxito dos proxectos dos emprendedores nun período limitado de tempo, identificando aqueles con maior potencial de desenvolvemento.

Unha vez finalizada cada edición o obxectivo é que os proxectos dos emprendedores que contén con maior probabilidade de éxito se poidan incorporar en aceleradoras que poidan cubrir unha seguinte fase de desenvolvemento dos proxectos.

As partes realizarán conxuntamente 6 actuacións ou proxectos de Coworking a desenvolver nas localidades de Xinzo de Limia, Cabana de Bergantiños, Monforte, Mondoñedo, Ferrol e Celanova, cada un das cales comprenderá o seguinte:

1.1. Contido

Cada proxecto ou actuación de Coworking contempla a realización de catro convocatorias ou edicións de Coworking cunha duración cada unha delas de 5 meses, dando cabida cada unha a un mínimo de 16 e un máximo de 22 proxectos de emprendedores. En cada proxecto seleccionado participará un mínimo de 1 unha persoa e un máximo de 3 que serán os beneficiarios finais da operación.

1.2. Espazos

Durante o período de vixencia de cada edición de Coworking facilitarase un espazo aberto con conexión wifi e conexión eléctrica no que os proxectos terán oportunidade de traballar conxuntamente. O espazo ademais contará cun servizo de coordinación para apoio aos emprendedores.

Así mesmo contarase cun espazo no que se desenvolverá a formación e salas de reunións para o proceso de titorización.

1.3. Comunicación e difusión

Realizarase unha convocatoria pública en cada unha das edicións, dirixida a emprendedores que cumpran os requisitos para ser beneficiarios da operación de acordo coa normativa derivada do FSE. Na comunicación utilízásense tanto medios on line coma off line.



XUNTA
DE GALICIA



"El FSE invierte en tu futuro"



1.4. Selección

A selección realizarase entre as candidaturas presentadas no formato que se determine en cada caso (vídeo de presentación, presentación dun business model canvas, etc.). A selección será levada a cabo por un comité de selección formado de xeito paritario entre persoas designadas por EOI e polo socio que establecerán a lista de proxectos seleccionados e a lista de espera.

Os proxectos seleccionados especificarán a un máximo de 3 persoas por cada un deles que serán as persoas beneficiarias. Todas as persoas seleccionadas deberán acreditar as condicións necesarias para poder ser beneficiarias. No caso de que non se produza a devandita acreditación, seleccionárase o seguinte proxecto da lista que poida acreditar as condicións necesarias.

1.5. Participación

Os proxectos beneficiarios deberán participar activamente nas diferentes actividades que se programen durante cada edición do proxecto Coworking. Aqueles emprendedores que non sigan o programa de formación e/ou tutorización serán declaradas Non Aptas non podendo continuar como beneficiarios da actuación.

1.6. Formación

Durante o período de cada edición desenvolveranse 12 talleres de formación de 5 h cada un (total 60 horas). Os talleres desenvolveranse sobre as seguintes temáticas:

- a) Talleres para potenciar o desenvolvemento de competencias de emprendemento.
- b) Talleres para potenciar o desenvolvemento de competencias en xestión de proxectos

Os talleres serán de asistencia obrigatoria para todos os participantes dos proxectos seleccionados.

1.7. Tutorización

Todos os proxectos seguirán de xeito obrigatorio un proceso de tutorización que será de 40 horas por cada un dos proxectos. No proceso de tutorización participarán todos os membros de cada proxecto.

Os tutores serán persoas con experiencia neste tipo de procesos e, a ser posible, con experiencia emprendedora.

1.8. Eventos

Ao longo de cada edición do proxecto Coworking desenvolveranse diferentes eventos co obxectivo de favorecer o networking entre os emprendedores e demais axentes do ecosistema emprendedor. En cada unha das edicións realizarase un *Demoday* nas semanas finais no que se presentarán os proxectos e o alcance destes tras o proceso realizado.

2. IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA

Considerando o establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2006 de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, motivase a utilización da figura do convenio de colaboración considerado no artigo 4.1.c) do Real decreto lexislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e as razóns que impidan a concorrência da oferta e exclúan a celebración dun contrato administrativo.

EOI foi incluída como Beneficiaria e Organismo Intermedio dentro do Programa Operativo CCI 2014ES05SFOP002 de Emprego, Formación e Educación (POEFE), no marco do obxectivo de investimento en crecemento e emprego destinada a todas as rexións de España, aprobado por decisión da Comisión Europea do 17 de decembro de 2015.



**XUNTA
DE GALICIA**



"El FSE invierte en tu futuro"



Como Beneficiario do Programa Operativo, EOI executará dentro deste accións de formación orientada á creación de empresas en sectores con potencial de crecemento e xeración de emprego e titorización dos proxectos empresariais.

3. ACHEGAS DAS PARTES

a) EOI contribuirá á execución mediante:

- Dirección, coordinación e execución do Coworking.
- Relación coa Unidade Administradora do Fondo Social Europeo.
- Selección de emprendedores beneficiarios, profesores e titores.
- Contratación e pagamento dos servizos asociados ao Coworking (talleres, titorización, espazos,...).
- Contratación dun seguro de accidentes para alumnos.
- Avaliación dos participantes.
- Coordinación e realización de accións difusión, comunicación, e publicitarias.
- Desenvolvemento dunha plataforma que recollerá a nivel nacional todos os proxectos que dende os diversos Coworking se leven a cabo, permitindo a interrelación entre estes e potenciando as súas posibilidades de desenvolvemento.
- Organización de sesións de presentación a potenciais investidores daqueles proxectos que cumpran coas condicións mínimas para poder obter financiamento externo.

b) O Igape contribuirá á execución mediante:

- Colaboración con EOI na captación de beneficiarios.
- Colaboración con EOI na posta a disposición da infraestrutura e o equipamento para o desenvolvemento das actividades de carácter presencial en cada edición.
- Colaboración na promoción e difusión dos Programas, de acordo cos criterios e directrices de EOI, que en todo caso se realizarán de forma consensuada con Igape e co estricto cumprimento da normativa comunitaria e nacional aplicable sen que supoña gasto maior ao contemplado no presente convenio.

Ambas as dúas partes contribuirán ao financiamento de acordo ao especificado neste Convenio.

Este Convenio non supón asociación ningunha ou dependencia entre as partes asinantes, que actuarán de forma absolutamente independente e autónoma, sendo obriga específica e exclusiva de cada parte cumprir con cantas obrigas legais lles correspondan en desenvolvemento da súa actividade de acordo coa normativa que lles resulte de aplicación.

4. FINANCIAMENTO

O orzamento estimado, ao que contribuirán ambas as dúas partes, será de CATRO MILLÓNS OITOCENTOS MIL EUROS (4.800.000,00 €) IVE incluído, dentro do que se encontran incluídos todos os custos do proxecto directos, indirectos ou simplificados soportados por EOI de acordo ao Programa Operativo de referencia.

O financiamento realizarase por EOI e o IGAPE nos seguintes termos:

a) IGAPE realizará unha achega económica de NOVECIENTOS SESENTA MIL EUROS (960.000,00 €), dividida en catro partes de DOUSCENTOS CORENTA MIL EUROS (240.000 €) unha vez realizadas cada unha das catro convocatorias ou edicións de Coworking previstas por cada proxecto ou actuación. O devandito financiamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta indicada por EOI, no prazo máximo dun mes dende a data de emisión da nota de cargo e achega da xustificación económica por parte da EOI.

O Igape achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de 960.000,00 €, con cargo á partida 09.A1.741A.6402 dos orzamentos do Igape, 480.000 € no exercicio 2016 e 480.000 € no exercicio 2017.



**XUNTA
DE GALICIA**



IGAPE comprométese de xeito expreso a non facer a súa achega con cargo a fondos comunitarios e a entregar a EOI certificación ao efecto. O certificado debe entregarse a EOI, tras realizar a achega, analizando as cantidades achegadas á realización do Convenio, segundo modelo adxunto como Anexo 1.

Así mesmo, o financiamento achegado por IGAPE non ten carácter de subvención.

- b) EOI achegará o resto do custo do Programa, TRES MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA MIL EUROS (3.840.000,00 €), con cargo ao Programa Operativo referenciado nos expositivos, que conta con financiamento do Fondo Social Europeo e do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

EOI poderá subcontratar total ou parcialmente a actividade obxecto deste convenio.

Tras a realización de cada unha das catro convocatorias ou edicións de Coworking previstas por cada proxecto ou actuación a EOI presentará a correspondente xustificación económica, o prazo previsto para esta será de dous meses contado a partir do día seguinte á finalización de cada unha das catro convocatorias ou edicións. En todo caso, formarán parte da xustificación económica todos aqueles custos indirectos imputables á operación (gastos de comunicación, captación de proxectos, formación xeral e colectiva, formación individual, titorización, e seguimento, realización de eventos, dirección e coordinación e servizos xerais), achegando certificado da Dirección Financeira de EOI e explicación do cálculo destes, e ademais todos os custos directos necesarios para a axeitada execución e seguimento da actuación.

5. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio.

A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte: por parte de EOI o Director Xeral e o Director de Iniciativa Emprendedora; e por parte do IGAPE, o director da Área de Competitividade e o xerente da Oficina Competitiva Igape Nova; ou persoas nas cales deleguen.

Esta comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Actuará de Presidente da Comisión de Seguimento a persoa titular da Dirección Xeral da EOI.

Para a válida constitución da Comisión de Seguimento, para os efectos da celebración de reunións e adopción de acordos, requirirase a presenza da metade máis un dos seus membros entre os que deberán estar o Presidente e o Secretario ou persoas en quen deleguen. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O Presidente da Comisión de Seguimento ostentará a facultade de voto dirimente en caso de empate, para os efectos da adopción de acordos.

A Comisión reunirse cantas veces estime se necesario a convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos a tratar.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

6. DIFUSIÓN

En todas as accións contempladas neste Convenio farase mención expresa da colaboración das partes e ao Fondo Social Europeo, figurando de forma destacada o nome e logo das dúas entidades e do Fondo Social Europeo en todos os elementos de promoción e difusión (insercións en prensa, folletos, comunicacións, etc.) e en canta documentación se xere. De conformidade coa normativa comunitaria:



**XUNTA
DE GALICIA**



"El FSE invierte en tu futuro"



- Cada unha das accións e actividades que se desenvolvan contará cunha axeitada difusión aos destinatarios potenciais destas, tanto en medios de comunicación coma en canles máis restrinxidas.
- En toda a publicidade, así como en calquera información que se difunda sobre a actuación en calquera medio, en todo o material de apoio que se utilice nas actuacións (carteis, documentación, folletos, entornos web, etc.) e nas publicacións, destacarase a participación do Fondo Social Europeo

As partes comprométense á estrita observancia do establecido e de cantas disposicións da normativa comunitaria e nacional sexan aplicables na materia.

7. CONFIDENCIALIDADE

Ambas as dúas partes comprométense a non difundir, baixo ningún concepto, calquera información referente a aspectos científicos, técnicos, económicos ou de organización interna pertencente á outra parte, á que puidese ter acceso na execución deste Convenio, salvo que esas informacións sexan de dominio público.

As disposicións desta cláusula continuarán vixentes durante un período de cinco anos a partir da data de sinatura deste documento, salvo consentimento expreso da parte propietaria da devandita información.

8. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), se o IGAPE accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de EOI, adquire a condición de encargado do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución do Convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación, e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivese tido acceso o IGAPE, deben ser destruídos ou devolverse a EOI, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ao IGAPE das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

IGAPE responde fronte a EOI do cumprimento destas obrigas polas persoas do IGAPE que participen de calquera modo na execución do Convenio.

9. MODIFICACIÓNS

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

10. PUBLICIDADE

De conformidade coa Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o IGAPE e a Consellería de Economía publicarán no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.



**XUNTA
DE GALICIA**



"El FSE invierte en tu futuro"



11. RESOLUCIÓN

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan, ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, ou de mutuo acordo polas partes asinantes.

12. RESPONSABILIDADE

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de modo que non se poderán esixir a este instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

13. AUTORIZACIÓNS

EOI consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, situado no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 132/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao Diario Oficial de Galicia e ás demais cesións previstas na Lei.

Tamén comporta a autorización ao IGAPE para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, despois de que a consulta polo IGAPE non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo IGAPE, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

14. VIXENCIA E EXTINCIÓN

O prazo de vixencia deste Convenio, será de dous anos.

Este Convenio poderá prorrogarse por acordo expreso de ambas as dúas partes que deberá ser formalizado por escrito.

O Convenio poderá extinguirse polas seguintes causas:

- a) Cumprimento do obxecto.
- b) Cumprimento do prazo de vixencia.
- c) Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- d) Acordo das partes asinantes.
- e) Comunicación por escrito de calquera das partes cun mínimo de seis meses de antelación á data de resolución.
- f) Incumprimento das obrigas dunha das partes, comunicado de forma motivada por escrito con trinta días de antelación, con omisión de emenda.

En calquera suposto de resolución anticipada, as partes comprométense a finalizar as actividades en execución.



XUNTA
DE GALICIA



15. RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Este Convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido nas presentes cláusulas e na lexislación que resulte aplicable.

Este Convenio está excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude do artigo 4.1. c).

Ambas as dúas partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito ambas as dúas partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento e os seus anexos, por duplicado, no lugar e data indicados.

Pola Fundación EOI:

Polo IGAPE:

.....

Javier Aguilera Navarro



XUNTA
DE GALICIA



"El FSE invierte en tu futuro"



ANEXO 1

MODELO DE CERTIFICADO DE ACHEGA DE FONDOS

D. /Dña. _____, con DNI _____, na súa condición de representante legal de _____ (NOME da entidade..... , CIF E DOMICILIO SOCIAL),

CERTIFICO:

A achega económica de _____ € realizada pola entidade....., para contribuír ao financiamento da actuación, de acordo ao disposto mediante o Convenio de Colaboración de data _____ subscrito coa Fundación EOI non foi realizada con cargo a fondos comunitarios.

E para que así conste, para os efectos que procedan, a petición da Fundación EOI, expido este certificado en _____ (LUGAR E DATA)

Asdo.: _____
(Sinatura e Selo da entidade.....)